

# O TÚNEL DE DONA URRACA

INFORMACIÓN DA RUTA:

DURACIÓN: 75 MINUTOS (APROX.)

PERCORRIDO



SON DONA URRACA, MÁIS COÑECIDA COMO URRACA I DE LEÓN, A TEMERARIA. NON FUN A ÚNICA URRACA DA FAMILIA. A MIÑA TÍA FOI URRACA DE ZAMORA, A MIÑA NETA URRACA A ASTURIANA, E A MIÑA SOBRIÑA NETA, URRACA DE PORTUGAL.

CONTA A LENDA QUE EXISTE UN TÚNEL QUE VAI POR BAIXO DO RÍO MIÑO E UNE TUI CON PORTUGAL. DIN QUE DONA URRACA O MANDOU CONSTRUIR PARA PODER CRUZAR SEN SER VISTA. QUEN SABE PARA QUE... SON MOITAS AS TEORÍAS E POUCAS AS CERTEZAS. A ÚNICA PISTA QUE EXISTE PARA PODER ATOPAR A SÚA ENTRADA, E SABER SE É REAL OU NON, É ESTE PLANO. DESCÍFRAO, E QUIZAIS LOGRES ATOPAR A ENTRADA.

DURANTE ANOS, ESTE TERRITORIO FOI ESCENARIO DE ENFRONTAMENTOS ENTRE DONA URRACA E A SÚA IRMÁ DONA TERESA, Á QUE O SEU PAI, O REI ALFONSO VI, DEIXARA O CONDADO DE PORTUGAL DESPOIS DE DIVIDIR O ANTIGO REINO DE GALICIA ENTRE AS DÚAS IRMÁS. NESTA REPARTICIÓN, A URRACA TOCÁRONLLE AS TERRAS AO NORTE DO MIÑO (ONDE SE ATOPABA TUI) E A TERESA, AS QUE SE ATOPABAN AO SUR. NINGUNHA QUEDOU CONTENTA, E DURANTE ANOS, LOITARON SEN DESCANSO POR FACERSE CADA UNHA COAS TERRAS DA OUTRA.

DEBERÁS RESPONDER A ALGUNHAS PREGUNTAS, SER UN BO OBSERVADOR OU OBSERVADORA E PASAR ALGUNHA QUE OUTRA PROBA. IRÁS PERCORRENDO PUNTO POR PUNTO A CIDADE E COÑECENDO A SÚA HISTORIA A MEDIDA QUE AVANZAS ATA CHEGAR AO PUNTO FINAL: O LUGAR ONDE SE CRE QUE SE OCULTA A ENTRADA DO TÚNEL DE DONA URRACA.

Cárcere capitular

Catedral de Santa María

Porta da Pia

Palco da música

Teatro Principal

Escaleiras da Triparia

Casa do Taboado

Igrexa de San Telmo

Túnel de San Telmo

Casa da vara

Igrexa e convento das Clarisas

Túnel das monxas

PUNTO DE PARTIDA

UN CONSELLO: FÍXATE NAS MARCAS, NAS CARTELAS DOS EDIFICIOS E NOS SINAIIS DO CAMIÑO, PRESTA ATENCIÓN, E CANDO O NECESITES BUSCA A TÚA PROPIA INFORMACIÓN.



Punto de Partida:  
A CATEDRAL!



1 Sube as escaleiras, e cunha gran portada vaste atopar. Nela, aos Reis Magos debes buscar. **Pista: un deles está de xeonllos.**



2 A segunda porta de entrada á Catedral debes buscar. Vai cara á frecha amarela para podela atopar. Cando esteas diante da porta, fíxate en todos os seus detalles con atención, e busca o dente que se lle perdeu ao rato.



15

**Chegaches!!!**

Neste edificio tan grande din que se esconde a entrada do túnel. Investiga quen vive nel.



17

Se camiñas cara á dereita verás o lugar onde os xudeus ían rezar: A sinagoga. Atopábase pegada á muralla. Se te fixas, aínda queda un anaco grande do seu muro.



14

As escaleiras deves subir, e pola esquerda has de seguir. Ao final un túnel verás. Admira as vistas e xa podes continuar. Pásao sen medo, pois ao outro lado o lugar onde se esconde o meu segredo encontrarás.



5

Para o teu camiño poder continuar, o túnel terás que atravesar ata un cárcere atopar. Cantos barrotes ten?



4

Neste mesmo lugar, tres contrafortes verás. No máis próximo ao cruceiro, tenta dun lado ao outro pasar, sen a parede tocar (seguramente non o consigas, nin ti, nin os teus acompañantes adultos, pero non te preocupes, é máis difícil do que parece, e poucos son os que o logran).

8

Volve sobre os teus pasos e segue por esta rúa (San Telmo). Mentres camiñas fíxate ben nas casas, unha delas, só unha, ten a fachada de madeira no piso superior. Como se chama?



9

Continúa por esta rúa, e a San Telmo vas atopar. Que lle falta á Igrexa? Axúdasme a completala?



13

Sobe a rúa (Tide) sen descansar, e ao final con Santa Bárbara vaste atopar. Ela indicarache por onde continuar.

6

Se ao seguinte punto queres chegar, as "Escaleiras da Triparía" terás que buscar. Para iso, só tes que seguir a rúa das rocas. **Pista: camiña ata que atopas unha pequena rúa á túa esquerda, e fíxate nas cartelas.** Ves a canle escavada na pedra? Para que servía?



7

Baixa a rúa, e cando chegues ao final vai á dereita sen descansar, alí o Teatro Principal vas poder admirar. Dime: canto tempo se tardou en construír? **Pista:** na cartela acharás a resposta.



10

Volve á rúa pola que viñas e verás un pasadizo que debes atravesar. Baixa as escaleiras ata o final. Cantos chanzos baixaches? Como se chama esta praza?



Para descubrir Portugal, ao seguinte punto debes chegar. Continúa baixando, e cunha grande estrela vaste atopar. Onde está a estrela?

11



Pola rúa Cuenca cara á dereita debes seguir, e a unha praza vas chegar, nela unha áncora e un cruceiro debes buscar. Se te fixas ben, unha vara tamén vas atopar. **Pista: Na esquina dunha antiga casa débela buscar e unha cartela vaite axudar.**

12